

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da portavoz suplente Eva Solla Fernández, da deputada Ánxeles Cuña Bóveda e do deputado Davide Rodríguez Estévez, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento do Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Comisión, relativa ao novo Centro de Saúde de Ribadavia.**

No ano 2009, coa entrada do Partido Popular, abandonouse o Plan de Mellora da Atención Primaria, decenas de centros de saúde prometidos ficaron esquecidos. Sen embargo, o Goberno mantivo a promesa de construción sobre algúns de eles.

No caso do Centro de Saúde de Ribadavia, na provincia de Ourense, o Goberno municipal chegou a ceder no ano 2008 os terreos para a súa construción, co conseguinte investimento de orzamento público. Posteriormente foi licitado o proxecto para a obra por parte da Xuta de Galicia.

Inexplicablemente, oito anos despois, o centro de saúde continúa sen construírse, poñendo en dúbida o compromiso que os diferentes Gobernos da Xunta de Galicia afirmaron ter coa construción desta infraestrutura necesaria para a mellora da atención sanitaria da veciñanza.

Por todos estes feitos, e dado o próximo debate orzamentario, **En Marea** realiza a seguinte **Proposición non de lei:**



O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a orzamentar e executar o proxecto e a obra do Centro de Saúde de Ribadavia.

Compostela, 10 de Novembro de 2016

Asdo. Eva Solla Fernández

Portavoz s. do G.P. de En Marea

Ánxeles Cuña Bóveda

Davide Rodríguez Estévez

Deputada e deputado do GP. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 10/11/2016 14:09:17

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 10/11/2016
14:09:29**

David Rodríguez Estévez na data 10/11/2016 14:09:40